

OFICINA TÉCNICA

O programa de axudas TerÉManter acometerá 63 proxectos de rehabilitación na cidade histórica

A oficina técnica do Consorcio subvencionará 63 proxectos presentados ao programa de axudas destinadas ao mantemento de carpinterías de madeira e de envolvente exterior dos edificios do ámbito da cidade histórica, que leva por nome 'TerÉManter'. Este programa busca beneficiar tanto a propietarios, arrendatarios ou a titulares dalgún dereito de uso sobre o inmoble así como comunidades de propietarios.

Desde a posta en marcha deste programa de axudas no ano 2006, o Consorcio puxo á disposición dos veciños máis de 3.240.000 euros para estas accións de mellora dos inmobles da cidade histórica. A dotación deste ano foi de 800.000 euros.

Máis información:
<http://www.consorciodesantiago.org/gal/areas/o-programa-de-axudas-para-rehabilitacion-na-cidade-historica-teremantter-acometera-63-proxectos>



PUBLICACIÓNS

"De Compostela a Los Andes: Santiago vive", o novo libro coeditado polo Consorcio de Santiago e a USC sobre o culto ao Apóstolo Santiago en América Latina

O pasado 11 de xullo a Facultade de Filosofía acolleu a presentación do libro "De Compostela a Los Andes: Santiago Vive", escrito pola doutora en Historia da Arte chilena Olaya Sanfuentes. A obra é o resultado dun traballo de investigación realizado a partir dun amplo estudo da iconografía cristiá arredor da figura de Santiago o Maior, patrón de numerosas poboacións sudamericanas, entre elas, a cidade de Santiago de Chile, e a súa chegada dende España, especialmente a partires do século XVI, mostrando a gran influencia que tivo en ambos continentes.

Na presentación a autora estivo acompañada pola xerente do Consorcio Belén Hernández, a vicerreitora de Política Científica da USC Pilar Bermejo Barrera, o profesor de Historia da Arte Juan Monterroso e os responsables dos departamentos de publicacións da USC e do Consorcio, Juan Blanco e Juan Conde respectivamente.

Máis información:
<http://www.consorciodesantiago.org/gal/areas/o-consorcio-de-santiago-e-usc-publican-de-compostela-los-andes-santiago-vive-sobre-o-culto-a-o>



INSTITUCIONAL

O Consorcio de Santiago celebra o seu Consello de Administración e Comisión Executiva

O Consorcio de Santiago celebrou na tarde deste mércores a súa Comisión Executiva e o seu Consello de Administración. Ambas xuntanzas estiveron presididas pola alcaldesa da cidade e presidenta do organismo interadministrativo, Goretti Sanmartín, e tiveron lugar na sede do Consorcio de Santiago no Pazo de Vaamonde, con algúns dos integrantes participando de xeito telemático.

No transcurso das xuntanzas aprobáronse as contas xerais do organismo correspondentes a 2023 co informe favorable da Auditoría da Intervención Xeral do Estado, así como o orzamento estimativo do organismo de 2025 para remisión á Administración Xeral do Estado. Tamén a programación do curso 2024-2025 da Escola de Altos Estudos Musicais, que comezará en outono.

Máis información:
<http://www.consorciodesantiago.org/gal/areas/o-consorcio-de-santiago-celebra-o-seu-consello-de-administracion-e-comision-executiva>



EXPOSICIÓNS

A Casa do Cabido acolle unha exposición sobre Ksado

A Casa do Cabido acolleu o 18 de xullo a inauguración da exposición "Ksado. Iconas de Galicia" do fotógrafo Luís Casado, de nome artístico Ksado. No acto de apertura da mostra estiveron presentes a alcaldesa e presidenta do Consorcio de Santiago, Goretti Sanmartín, a xerente do Consorcio de Santiago, Belén Hernández, e os comisarios da exposición, Rubén Martínez e Carlos Castelao.

Esta mostra de arredor de 300 obxectos entre imaxes, postais promocionais, cromos e material fotográfico orixinal, que pode considerarse como pioneira pola súa gran extensión, contén desde fotografía clásica de estudio ata postais comerciais ilustradas, así como unha cámara de fotos pertencente ao propio Ksado.

A exposición, gratuíta, estará aberta en horario de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00 de martes a sábado, e o domingo de 11:00 a 14:00.

Máis información:
<http://www.consorciodesantiago.org/gal/areas/casa-do-cabido-accelle-una-exposicion-muestra-fotografica-de-ksado>

300.000 persoas visitaron as exposicións da Casa do Cabido

A Casa do Cabido recibiu o 26 de xullo ao seu visitante número 300.000 dende que foi inaugurada como espazo expositivo no ano 2012, logo da súa rehabilitación polo Consorcio de Santiago. Desde entón o histórico edificio situado na praza de Praterías acolleu 54 exposicións temporais de diferentes temáticas vinculadas coa cultura galega, o maior número delas de carácter fotográfico.

Belén Hernández Lafuente, xerente do Consorcio de Santiago, e Juan Conde Roa, responsable de publicacións do Consorcio, recibiron ao visitante 300.000. Andrés Roberto Medina Blanco, chegado de Colombia, foi agasalado cun lote de publicacións do Consorcio como recordo deste fito, ao igual que a súa acompañante Ángela Liliana Blanco Ortegón.

Máis información:
<http://www.consorciodesantiago.org/gal/areas/casa-do-cabido-accelle-una-exposicion-muestra-fotografica-de-ksado>



MÚSICA

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Sete coros de Galicia participarán da vindeira edición de Cantamos!

Este ano seleccionáronse sete coros de Galicia para participar no concertos colaborativos da Real Filharmonía de Galicia baixo o nome Cantamos!, que terán lugar o 19 e 20 de decembro. Estes foron Coro Cardenal Quiroga Palacios, Coro CMUS Ourense, Coro CMUS Culleredo, Coro de Cámara Thalassa, Harmonía Stellae, Coro Asubio e Coro EMM Santiago.

Máis información:
<http://www.consorciodesantiago.org/gal/areas/o-consorcio-de-santiago-celebra-o-seu-consello-de-administracion-e-comision-executiva>



A RFG convida a participar no proxecto colaborativo CANTAMOS! os días 19 e 20 de decembro.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia chea a Praza da Quintana

A RFG viviu un concerto moi especial o pasado venres 26 na Praza da Quintana, onde a cidade gozou dun repertorio de obras populares que foron moi ben recibidas polo público asistente. Na histórica praza soaron Abertura Béatrice e Bénédicte de Hector Berlioz, a composición Peer Gynt: A mañá de Edvard Grieg, a Masquerade: Vals de Aram Khatchaturian, On the Town: Three Dance Episodes de Leonard Bernstein, Memorias de África: I had a farm in Africa de John Barry e tamén o Tema de A lista de Schindler e a Suite de A guerra das galaxias de John Williams.

Agosto completará a programación de verán da orquestra antes do descanso estival: o día 14 en Vigo a Real Filharmonía tocará xunto ao cantautor Víctor Manuel.



ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS

O Curso Avanzado de Especialización Orquestral publicou o seu listado de admitidos para o vindeiro ano

A Escola de Altos Estudos Musicais fixo público o listado de músicos admitidos no Curso Avanzado de Especialización Orquestral do vindeiro ano. Proximamente realízase unha convocatoria extraordinaria para cubrir as prazas vacantes de violín (3) e fagot (1).

Máis información CAEO:
<https://eam.es/gal/noticias/relacion-de-admitidos-e-lista-de-espera-das-probas-de-acceso-do-caeo/>

